

OS MAIOS

A festa dos Maios é a festa da primavera, ben sexa da súa chegada, ben do seu trunfo, i é propia de toda Europa, tendo lugar segundo os sitios nos meses de marzo, abril e maio. Significa o reverdecer das plantas, o comezo do ano agrícola, a ledicia de ver erguerse o Sol por riba do horizonte e coller altura e forza. Ten diferentes formas: Árbore de Maio, Home cuberto de ramallos, Raíña de Maio, Parella de Maio, enfeitar as casas con ramallos, espetalos nas leiras,...

En Galicia existen case todas as formas de festas dos Maios que se usan en Europa. A festa é a comezos do mes de maio, o día propio foi o día un, mais en moitos sitios pasou para o día tres, para facela coincidir coa festa cristiá da invención da Santa Cruz.

O Maio figurado soe ter figura cónica ou piramidal (tradicionalmente son considerados símbolos da terra fecundada que dará froitos, símbolo da vida). O armazón é de pau e por ribaponse unha tea (de sacos ou metálica) na que se asegura o musgo, o fiúncho ou xestas e por riba as flores, bugallos, ovos, laranxas,... Agora tamén hai Maios "de fantasía" que representan torres, animais, canastros, casas, ... O Maio vai levado en padiolas, por iso non poden ser moi grandes, aínda que agora tamén se lle puxeron rodas.



Nesta festividade cántanse e fanse coplas onde predominan as sátiras de crítica social dos costumes e modas, alusións a determinadas persoas, comentarios políticos,... e normalmente consérvanse no comezo e no remate estrofas tradicionais: "Escoiten señores, se queren escoitar", "Velo aí vén o Maio", "Levántate Maio",...

